

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0171	Estrutura do mercado turístico	2023/2024	4	133	133

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	LINA BLANCO CANCIO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

O mercado turístico constitúe un complexo sector conformado por empresas, servizos, infraestruturas e usuarios turísticos que se relacionan entre si dando lugar a unha das maiores actividades económicas a nivel mundial. Empresas de aloxamento, intermediación ou transportes conforman, xunto con moitas outras entidades, unha oferta complexa e en constante cambio que interactúa cunha demanda segmentada en diferentes públicos obxectivos que requiren un estudo minucioso e atención profesional e personalizada.

Neste módulo profundarase na estrutura deste mercado turístico así como a súa evolución e os factores que o condicionan, constituíndo unha ferramenta fundamental para que os estudantes comprendan o complexo sector no que, nun futuro, desenvolverán o seu futuro profesional. Ademais, dado que Vigo e unha importante cidade turística é de vital importancia por parte do alumnado coñecer o entorno no que se desenvolverá a súa vida laboral así como o funcionamento das empresas e as súas características. Devandito coñecemento do mercado turístico será clave de cara a converterse nun bo profesional, fin último da FP.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Contextualización do sector turístico.	Contextualización e coñecemento dos conceptos básicos do sector turístico. Análise da evolución do turismo.	26	20
2	O mercado turístico e os seus efectos no territorio.	Estudo das características do mercado turístico así como da oferta e da demanda que o conforman. Análise da contribución do turismo ó desenvolvemento económico, así como dos diferentes efectos da actividade turística nos territorios e nos habitantes <u>dos mesmos e instrumentos de medición destes impactos.</u>	26	20
3	Administración turística e principais entidades do sector.	Descrición das principais entidades públicas e privadas de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial, comarcal e municipal. Análise da participación destas entidades no desenvolvemento do turismo no ámbito xeográfico. Coñecemento do <u>perfil do profesional do turismo. analizando as competencias profesionais e principios deontolóxicos da profesión.</u>	12	9
4	Tipoloxías turísticas.	Clasificación, caracterización e localización xeográfica das diferentes tipoloxías turísticas e as súas tendencias.	12	9
5	Oferta básica 1: As empresas de intermediación.	Identificación dos principais tipos de empresas de intermediación turística, describindo os servizos que prestan e a importancia destas empresas dentro da cadea de distribución.	12	9
6	Oferta básica 2: As empresas de aloxamento turístico.	Descrición das diferentes empresas de aloxamento e valoración da súa importancia no conxunto do sector. Definición e clasificación dos distintos tipos de establecementos e da normativa que os regula. Descrición dos servizos que prestan as <u>empresas de aloxamento turístico.</u>	8	6
7	Oferta básica 3: As empresas de transporte.	Identificación dos principais tipos de empresas de transporte, describindo os servizos que prestan e a importancia destas empresas dentro do sector.	12	9
8	Oferta complementaria.	Clasificación e diferenciación das diferentes empresas que forman a oferta complementaria e os seus principais obxectivos. Análise da normativa autonómica no que respecta ás empresas da oferta complementaria.	25	18

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Contextualización do sector turístico.	26

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO
RA4 - Caracteriza a demanda turística en relación cos factores e os elementos que a motivan, así como as súas tendencias actuais.	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os elementos básicos que caracterizan o sector turístico.
CA1.2 Analizouse a evolución do turismo.
CA1.6 Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no sector turístico e o seu impacto como elemento dinamizador.
CA4.7 Investigáronse as tendencias actuais da demanda, así como os mercados emerxentes.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Conceptos básicos do turismo: turismo, turista, visitante, excursionista, etc.
Evolución do turismo.
Valoración das novas tecnoloxías como fontes de información e promoción turística.
Tendencias actuais da demanda turística.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	O mercado turístico e os seus efectos no territorio.	26

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO
RA4 - Caracteriza a demanda turística en relación cos factores e os elementos que a motivan, así como as súas tendencias actuais.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Valorouse a importancia da actividade turística respecto ao desenvolvemento económico e social do núcleo turístico.
CA2.6 Descríbense as vantaxes e os inconvenientes do desenvolvemento turístico dunha zona.
CA2.7 Valoráronse os factores que inflúen na demanda, a incidencia que se pode ter sobre eles e a súa distribución.
CA3.1 Identificouse o mercado turístico e as súas características.
CA3.2 Definiuse a oferta turística xunto cos seus elementos e a súa estrutura básica.
CA3.7 Descríbense as peculiaridades do núcleo turístico.
CA3.8 Valorouse a importancia do turismo na economía do núcleo turístico.
CA4.1 Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.
CA4.2 Clasificouse a clientela pola súa tipoloxía e a súa nacionalidade.

**Criterios de avaliación**

CA4.3 Descríbense os elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda.

CA4.4 Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.

CA4.5 Analízase a metodoloxía de compra segundo o tipo de clientela.

CA4.6 Caracterízase a estacionalización da demanda e as técnicas de desestacionalización.

CA4.8 Valorouse a importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda turística.

**4.2.e) Contidos**
**Contidos**

Valoración da actividade turística no desenvolvemento dun núcleo de poboación.

Impactos económicos, sociais, culturais e ambientais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.

Factores que interveñen na demanda e incidencia que se pode exercer sobre eles.

O mercado turístico e as súas características.

Oferta turística: elementos e estruturas.

Núcleo turístico: características. Recursos turísticos.

Importancia económica do turismo para o núcleo turístico.

A oferta turística en Galicia.

Demanda turística: definición e caracterización.

Factores que interveñen na súa determinación.

Elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda turística

Clientela: tipoloxía, características e comportamentos de compra.

Motivacións da demanda turística.

Estacionalidade da demanda. Accións de desestacionalización.

Contidos
Valoración da importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Administración turística e principais entidades do sector.	12

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse e caracterízanse as institucións públicas e privadas relacionadas co sector turístico.
CA1.5 Identifícanse os encontros estatais e internacionais en materia de turismo, e a súa importancia para o sector.
CA1.7 Valórouse a importancia da profesionalidade no contorno da profesión turística.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Principais eventos locais, autonómicos, estatais e internacionais en materia de turismo.
Entidades públicas e privadas de ámbito local, autonómico, estatal e internacional relacionadas co sector turístico.
Valoración da persoa profesional do turismo no ámbito da súa profesión.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Tipoloxías turísticas.	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Definíronse as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
CA2.2 Localizáronse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica.
CA2.3 Relacionáronse os factores que inflúen na localización espacial segundo o tipo de turismo da zona.
CA2.4 Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas estatais.
CA2.5 Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas internacionais.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Modalidades do turismo.
Tipoloxías turísticas (sol e praia, cultural, deportivo, rural, de grandes eventos, etc.), e as súas características (factores que inflúen na súa localización espacial).
Localización xeográfica das principais tipoloxías turísticas.
Tendencias das tipoloxías turísticas estatais e internacionais.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Oferta básica 1: As empresas de intermediación.	12

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.3 Caracterizáronse as canles de intermediación turística, así como os novos sistemas de distribución.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Intermediación turística. Canles de distribución. A oferta turística en Galicia.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Oferta básica 2: As empresas de aloxamento turístico.	8

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO



**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.4 Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Empresas de aloxamentos turísticos. A oferta turística en Galicia.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Oferta básica 3: As empresas de transporte.	12

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.5 Identifícanse os medios de transporte de carácter turístico e os servizos ligados a eles.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Medios de transporte turísticos.

Contidos
A oferta turística en Galicia.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Oferta complementaria.	25

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.6 Caracterizouse a oferta complementaria.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Oferta complementaria. Empresas de restauración turística. Servizos diversos.
A oferta turística en Galicia.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### 5.1. Mínimos esixibles:

- CA1.1. Definíronse os elementos básicos que caracterizan o sector turístico.
- CA1.2. Analizouse a evolución do turismo.
- CA1.3. Identificáronse e caracterizáronse as institucións públicas e privadas relacionadas co sector turístico.
- CA1.4 - Valorouse a importancia da actividade turística respecto ao desenvolvemento económico e social do núcleo turístico.
- CA1.5 - Identificáronse os encontros estatais e internacionais en materia de turismo, e a súa importancia para o sector.
- CA2.1. Definíronse as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
- CA2.6 - Describíronse as vantaxes e os inconvenientes do desenvolvemento turístico dunha zona.
- CA2.7 - Valoráronse os factores que inflúen na demanda, a incidencia que se pode ter sobre eles e a súa distribución.
- CA3.1. Identificouse o mercado turístico e as súas características.
- CA3.2 Definiuse a oferta turística xunto cos seus elementos e a súa estrutura básica.
- CA3.3 - Caracterizáronse as canles de intermediación turística, así como os novos sistemas de distribución.
- CA3.4. Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas.
- CA3.5. Identificáronse os medios de transporte de carácter turístico e os servizos ligados a eles.
- CA3.6. Caracterizouse a oferta complementaria.
- CA3.8 - Valorouse a importancia do turismo na economía do núcleo turístico.
- CA4.1. Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.
- CA4.3. Describíronse os elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda.
- CA4.4. Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.
- CA4.6. Caracterizouse a estacionalización da demanda e as técnicas de desestacionalización.

### 5.2. Instrumentos de avaliación. O docente valorará ó alumnado a través dos seguintes instrumentos:

- Probas escritas teórico prácticas, que incluírán preguntas tipo test, largas o curtas e supostos prácticos.
- Tarefas e traballos realizadas e entregadas en tempo e forma.

5.3. Criterios de cualificación: As cualificacións do alumnado serán o resultado de valorar:

-O tipo de avaliación utilizado neste módulo sera continua e sumativa. A nota final do módulo será a resultante da suma e media de cada unha das probas, a condición de que se alcancen as notas a mínimas para superar cada unha delas.

Probas escritas teórico-prácticas

As probas escritas teórico-prácticas supondrán o 80% do total da nota.

Farase unha proba escrita obrigatoria por avaliación valorada de 1 a 10 puntos en cada trimestre/avaliación. Para que se faga media coas actividades de aula será preciso obter un mínimo de 5 puntos nestas probas. Todos aqueles que non poidan presentarse a estas probas por motivos alleos ao centro escolar, deberán recuperar as mesmas. O período de recuperación por avaliacións será en maio (máximo dúas avaliacións suspensas). Aquel alumnado que non supere o módulo neste período deberá presentarse ao exame final con toda a materia (xuño).

3.2. Actividades de aula

As actividades de aula desenvolvidas ao longo do curso académico suporán un 20% do total da nota e serán obrigatorias.

¿ Traballo (15%): Cada un deles valorarásese de 0 a 10 puntos sendo indispensable conseguir un o mínimo de 5 puntos para superala. Valorásese tanto o contido da mesma como a exposición segundo os criterios expostos na aula pola profesora. Aqueles alumnos que non acudan a clase cando se programan este tipo de actividades terán a responsabilidade de informarse respecto ao seu contido e datas de entrega. Aqueles alumnos que non presenten algunha determinada actividade por causas de debidamente xustificadas, poderán ser avaliados no momento que a profesora o considere oportuno, previo consenso co alumno.

¿ Actividades diarias de aula (5%): As actividades de aprendizaxe que se realizarán diariamente na aula deberán ser entregadas en tempo e forma descritas en cada unha delas. Estas actividades serán cualificadas a través de check list. Para obter unha avaliación positiva será imprescindible entregalas en prazo e forma co contido mínimo indicado en cada unha delas.

A falta de realización tanto das probas escritas como das actividades de aula sen ter unha causa debidamente xustificada conlevarán unha nota de 0 puntos na mesma.

Para superar o módulo o alumnado deberá obter como mínimo 5 puntos sobre 10 nas probas teórico prácticas e nas tarefas realizadas ó longo do curso.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Para a recuperación das probas teórico prácticas non superadas, diferenciarase entre os seguintes casos:

- Alumnado cunha proba suspensa: Recuperación da mesma en xuño a través dunha nova proba teórico práctica.
- Alumnado con dúas ou tres probas suspensas: Deberán examinarse de todo o módulo nunha proba teórico práctica final no mes de xuño.

2. Recuperación das tarefas:

Para a recuperación das tarefas non superadas, o alumnado deberá realizar unha ou varias tarefas propostas polo profesor no mes de xuño, que poderán consistir na entrega dun traballo escrito, dunha exposición ou ambas.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para o alumnado con perda de avaliación continua, é dicir, que tendo un exceso de faltas reiteradas a clase acadando o máximo permitido pola lei, que é o 10%, proporanse as seguintes probas específicas e individuais:

- a) Proba teórico práctica a realizar no mes de xuño e que abarcará os contidos impartidos ó longo do curso.
- b) Tarefa ou tarefas que o alumnado deberá entregar ou expoñer en xuño e que estarán relacionadas cos contidos prácticos impartidos durante o curso.

Para a superación do módulo, o alumado deberá acadar como mínimo un 5 sobre 10 tanto na proba teórico práctica como nas tarefas.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento de avaliación docente se fará de acordo có proceso de programación e mediante a aplicación de Programacións e a enquisa trimestral onde se indica a satisfacción do alumnado. En caso de detectar algún problema ou aspecto mellorable o profesor tomará as medidas correctoras necesarias de acordo con xefatura de estudos e o titor/a de grupo.

Ao remate de cada unidade didáctica o profesor levará a cabo unha análise do grao de cumprimento da programación: consecución dos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación, contidos, secuenciación, tarefas do profesor e do alumnado e instrumentos e criterios de avaliación.

No caso de observarse desviacións con respecto aos obxectivos definidos nesta programación levaranse a cabo rectificacións baseadas en xustificacións razoadas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial ó inicio de curso e ó inicio de cada unidade didáctica consistente na realización de tests ou preguntas de contestación corta (de forma oral ou escrita) para constata-los coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Ademais, reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos. Adaptarase tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. A maiores, darase a oportunidade á realización de actividades de reforzo para compensar as carencias que son detectadas.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas, sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión, coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións. Terase que reforzar os aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades. As posibles adaptacións terán en conta o ritmo de aprendizaxe, as motivacións do alumnado, seus intereses e expectativas, grao de integración, capacidades terminais etc.

Realizaranse as modificacións oportunas nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de tódolo alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento, nun intento de potencia-la avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica ás súas necesidades reais de aprendizaxe. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberanse revisar algúns elementos básicos da programación como son as capacidades terminais a metodoloxía e a avaliación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

#### EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Traballamos en grupo intentando non discutir, respetarnos e chegar a acordos.
- Adoptamos unha actitude aberta e flexible ó propor e desenvolver as nosas propias ideas o ter proxectos abertos.
- Aceptamos as ideas, os traballos e as solucións ós demais con espírito tolerante e de cooperación.
- Temos normas específicas de convivencia que consensuamos ó principio do curso

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Limpiamos, recolleemos e ordenamos a aula-taller en todas as clases.



- Usamos para a construción dos nosos proxectos materiais reciclados sempre que se poida.

#### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Eleximos democrática e equilibradamente os equipos de traballo
- Mostramos interese e respecto cara as solucións tecnolóxicas adoptadas por outras persoas e culturas para resolver os seus problemas.
- Establecemos normas de convivencia por consenso na aula-taller.

#### EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Participamos activamente na consecución dun lugar de traballo ordenado e un ambiente sano e agradable limpiando e recollendo despois de cada sesión.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias á formación previstas para o presente curso son as seguintes:

- Visita a instalacións de empresas que conformen a oferta turística de Vigo e Galicia.
- Participación en xornadas, ferias ou encontros relacionados cos contidos do módulo.
- Visita a administracións ou entidades relacionadas coa planificación e xestión turística.
- Mapeo colectivo no centro de Vigo.

Poderanse propor outras actividades complementarias á formación ou modificar algunhas das xa planificadas en función das necesidades educativas do grupo.